



MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



Museo Provincial de Lugo

■ Actividades



19/02/2013

Día de Rosalía 2013 en Lugo

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) organiza este 2013, como xa fixo en anos anteriores, un completo programa de actos con motivo da celebración pública do Día de Rosalía, o vindeiro 24 de febreiro, data do seu nacemento. Este ano, ademais, cumprense 150 da publicación de *Cantares Gallegos*, o primeiro libro íntegro monolingüe do renacemento da nosa literatura culta.

Con este motivo, a AELG organiza e promove lecturas públicas e outros actos por todo o país cos que se tenta proxectar a figura e a obra rosaliana nos diferentes ámbitos sociais. Entre estes actos programados pola AELG, no que se refire á provincia de Lugo vanse celebrar os seguintes actos:

Lectura escolar en Sarria

O venres, 22 de febreiro, ás 10:25 h. terá lugar no IES Gregorio Fernández, de Sarria, unha lectura da obra rosaliana na que van intervir alumnado e profesorado do centro. Representantes da AELG darán lectura ao manifesto oficial.

Lectura pública no MPLugo

Na cidade de Lugo, a lectura pública da obra rosaliana (que coincidirá en data e hora coas doutros moitos lugares de Galiza) vai ter lugar no Refectorio do Museo Provincial de Lugo, o sábado, 23 de febreiro, ás 19:00 horas.

Para a organización deste acto contamos coa colaboración da Rede Museística, área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo.

Intervirán nas lecturas socios/as do Clube Cultural Valle-Inclán, alumnado da Escola de Narración Oral de Lugo e socios/as da propia AELG. Na parte musical colaboran Laura M^a Alonso e Víctor M. González. Representantes da AELG darán lectura ao manifesto oficial.

Entrada libre

Acto no Panteón de Galegos Ilustres

Finalmente, o domingo 24, ás 12:00, no Panteón de Galegos Ilustres, terá lugar un acto nacional onde serán lidos poemas de *Cantares Gallegos*, ademais da realización dunha ofrenda floral.

Un libro e unha flor

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) anima á cidadanía a agasallar un libro en galego e unha flor no día do nacemento de Rosalía de Castro.